

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 24/07/2020 8:54:40

SAIDA 8364/20

Reclamante: [REDACTED], en representación da [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 36/2020

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], en representación da [REDACTED], mediante escrito que tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 2 de marzo de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 21 de xullo de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], en representación [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 2 de marzo de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a Resolución da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia do 27 de febreiro de 2020, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á diverso tipo de documentación referida a diversas persoas e entidades, información sobre viaxes oficiais, porcentaxe que sobre o total supón as solicitudes recibidas ou enviadas polas ditas persoas ou entidades

O reclamante alega que se declinou responder vulnerando os seus dereitos de acceso á información e documentos públicos. Afirmar a entidade reclamante que *“El responsable de la resolución Sr secretario xeral da Presidencia da Xunta de Galicia ante la misma petición por su afinidad con el solicitante Sr decreta contra la oposición del reclamado conceder la información pero que niega en este procedimiento, dejando al descubierto con sobrados indicios que la información pública circula en función de quien la solicita y que es este el caso”*.

Segundo. Con data do 6 de marzo de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 11 de marzo de 2020

Terceiro. Con data 24 de marzo de 2020 a Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia contesta a petición remitindo o informe solicitado.

No informe, a Secretaría Xeral comunica que dada a confusión que presenta a solicitude, analizouse en bloques coa finalidade de extraer o seu obxecto de forma simplificada e que se detalla na Resolución que se impugna.

Unha vez revisada, considerouse que non se trata dunha solicitude de información pública, senón que se trata dunha solicitude relativa a información para cuxa divulgación sería necesaria unha extensa, intensa e exhaustiva acción previa de reelaboración, feito que constitúe unha das causas de inadmisión contempladas pola Lei 19/2013, en concreto no seu artigo 18.1.c).

O escrito inclúe varias solicitudes de documentos que non existen, polo que o dereito a acceder a documentos inexistentes non forma parte do contido do dereito á información pública.

A finalidade da Lei é dar acceso aos particulares á información pública xa existente na administración, sen necesidade de realizar unha tarefa de elaboración ad hoc, polo que a elaboración de novos documentos e informes non existentes nin previstos na normativa vixente esixiría unha inxente labor administrativa, destinando medios persoais e materiais da administración a finalidades distintas ás previstas na lei, en beneficio exclusivo dun particular, polo que se emitiu Resolución de inadmisión con base nas letras c) e e) do artigo 18.1 da citada Lei 19/2013.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 36 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 36 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 36 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta na documentación remitida polo interesado, a resolución contra a que se reclama ten data do 27 de febreiro de 2020 e a reclamación contra a mesma presentouse con data do 2 de marzo de 2020, debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A asociación reclamante, presentou unha solicitude de información e documentación pública, relacións, convenios, colaboracións, campañas, rexistros de solicitudes mediante ou calquera outro, nos que interviñesen os Sres Secretario Xeral da Presidencia, Vicesecretario Xeral da Presidencia da Xunta, un letrado da Consellería de Sanidade, Secretaria Xeral de Medios e Secretario Xeral de Sanidade, sobre a existencia de rexistros dirixidos ou recibidos coas entidades, Entidade Pública Redes de Telecomunicación Galega, RETEGAL, Axencia para a

Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), Secretaría Xeral de Medios da Xunta de Galicia, Fundación Expourense-Foro da Comunicación, Consello Asesor Audiovisual Galicia, Porto da Coruña, Fundación Camilo José Cela, Oficina Técnica TDT, Compañía de Radiotelevisión de Galicia (CRTVG), Centro de Investigacións Científicas Avanzadas (CICA), Universidade da Coruña, Sergas, Instituto de Investigacións Biomédicas da Coruña (INNIBIC), Universidade de Santiago de Compostela, Centro de Estudos Cooperativos (CECOOP), rexistros de solicitudes de viaxes oficiais a Madrid, América, Europa, África e Asia e datos dos mesmos desde os anos 2013 ao 2019-2020 incluídos, sen que sexa necesaria ningún tipo de reelaboración ao estar rexistrados nos organismos correspondentes e no rexistro xeral da Xunta de Galicia.

Tal e como se recolle na resolución da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia impugnada, a entidade reclamante solicitou 10 tipos de información relacionada con 5 persoas (altos cargos e funcionarios da Xunta de Galicia), en relación con 16 entidades, ademais das viaxes a Madrid e a 4 continentes dende 2013 a 2020, que debe entenderse relacionadas con esas persoas e entidades, a porcentaxe que supón sobre o total das solicitudes recibidas ou enviadas por cada un dos solicitados desde os rexistros de Presidencia e os seus entes adscritos, e a porcentaxe que supón sobre o total das solicitudes recibidas ou enviadas desde os rexistros telemáticos e os seus entes adscritos durante os anos 2013 a 2020.

O dereito de acceso á información ten como finalidade promover a transparencia das institucións públicas e para fomentar a participación cidadá na toma de decisións, ademais de dar a coñecer á cidadanía como se invisten os fondos públicos.

Como establece a resolución impugnada, a resposta aos 10 tipos de documentos, sobre 5 persoas e 16 entidades esixiría a elaboración un informe ad hoc que esixiría unha inxente labor de investigación e consulta para chegar, tras o tratamento dos datos recabados, á confección dun extenso informe específico. Non se poden compartir a afirmación feita tanto na resolución impugnada como no informe da Secretaría Xeral de que a información solicitada non exista, dado que si existen convenios, rexistros e solicitudes nos que intervirse unha Consellería ou unha Secretaría Xeral, senón que na solicitude de acceso á información, concorren causas de inadmisión das que establece ao artigo 18 da Lei 19/2013, no senso de que para proporcionar a información é necesario unha labor de reelaboración, e a solicitude pode considerarse abusiva.

O dereito de acceso á información, se ben está esta regulado no noso ordenamento xurídico como un dereito de amplo contido, non é un dereito ilimitado, e as solicitudes de acceso á información pública están sometidas ás causas de inadmisión que se establecen no artigo 18 da Lei 19/2013. De acordo co disposto no apartado c) do dito artigo, serán inadmitidas as solicitudes de información para cuxa divulgación sexa necesaria unha labor previa de reelaboración. O concepto de reelaboración como causa de inadmisión pode entenderse

aplicable, de acordo co criterio interpretativo 7/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, cando a información que se solicita, pertencendo ao ámbito funcional de actuación do organismo ou entidade que recibe a solicitude, deba elaborarse expresamente para dar unha resposta, facendo uso de diversas fontes de información, ou cando o citado organismo ou entidade careza dos medios técnicos que sexan necesarios para extraer e explotar a información concreta que se solicita, resultando imposible proporcionar a información solicitada.

O elevado volume da información obxecto de solicitude, como no presente caso no que se solicita información que relacione diversos tipos de información e documentación, con varias persoas, entidades, información sobre viaxes realizados dende o anos 2013 por practicamente todos os continentes e a porcentaxe desa información sobre o total das solicitudes recibidas ou enviadas por cada un dos solicitados desde os seus rexistros de Presidencia e os seus entes adscritos, pon de relieve que estamos ante un suposto de reelaboración, que implicaría a elaboración dun informe específico para dar resposta ao solicitado, manexando unha inxente cantidade de datos, consultas en rexistros e relacións entre unhas categorías e outras de información solicitada.

Por outra banda, tal e como figura na resolución impugnada, outro dos motivos de inadmisión da solicitude foi o seu carácter abusivo. A interpretación ofrecida polo Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no seu Criterio Interpretativo sobre esta causa, asocia o carácter abusivo da solicitude co feito de que non estea xustificada coa finalidade da Lei. Existen así dous elementos esenciais para a aplicación desta causa de inadmisión, que o exercicio do dereito sexa abusivo cualitativamente, e que o exercicio do dereito poida considerarse excesivo, é dicir, cando non chegue a conxugarse coa finalidade da Lei. Desta forma unha solicitude pode entenderse abusiva cando poida considerarse incluída no concepto de abuso de dereito recollido no artigo 7.2 do Código Civil, é dicir, cando pola acción, omisión, pola intención do seu autor, polo seu obxecto ou polas circunstancias en que se realice exceda manifestamente os límites normais do exercicio dun dereito, ou cando de ser atendida, requira un tratamento que obrigase a paralizar o resto da xestión dos suxeitos obrigados a proporcionar a información, impedindo a atención xusta e equitativa do seu traballo e o servizo público que teñen encomendado, e así resulte de acordo cunha ponderación razoada e baseada en indicadores obxectivos.

Como consta a través dos expedientes tramitados por esta Comisión, o número de solicitudes de acceso á información presentadas por esta Asociación e nas que solicita unha gran cantidade de información, de distintos tipos, relacionada con distintos cargos públicos, organismos e de amplos intervalos de tempo, tanto á Presidencia da Xunta como é o caso, como a outros departamentos desa Administración son continuas, o mesmo que as reclamacións presentadas ante esta Comisión (RSCTG 7/2019, RSCTG 92/2019, RSCTG 128/2019, RSCTG 145/2019, RSCTG 165/2019, 18/2020 e RSCTG 37/2020, entre outras) .

Como ten sinalado o CTBG (por todas, as resolucións 181/19 e 350/19), se ben a interpretación do artigo 18.1 e) da Lei 19/2013 non basea o exercicio abusivo do dereito a un criterio cuantitativo (número de solicitudes presentadas), senón cualitativo (características da solicitudes presentadas e antecedentes da mesma), estes son aspectos que deben cohonestarse en casos como o presente en que o volume de solicitudes e o volume da información solicitada e a dificultade de recompilala, é un reflexo do exercicio abusivo do dereito desde unha perspectiva cualitativa.

Xunto á consideración deste elemento cuantitativo, vencellado a un elemento cualitativo no exercicio do dereito, deben tamén tomarse en consideración as singulares circunstancias que concorren na petición de información da asociación reclamante, na que se solicita que se recompile documentación emitida ou recibida dende o ano 2013 a 2020, por unha serie de altos cargos e funcionarios da Xunta de Galicia, dunha serie de institucións e organismos diversos (ata 15), así como viaxes realizados por case a totalidade dos continentes e a dificultade de localización desa información, sen dúbida suporía a paralización inustificada da xestión dos departamentos dos que se solicita a información .

Unha interpretación do dereito de acceso á información pública regulado na Lei 19/2013 que implique un exercicio excesivo e indiscriminado do mesmo, solicitando de forma xenérica información entre uns organismos e outros, ou solicitando toda a documentación na que intervira un determinado cargo público ou funcionario, afectaría en si mesmo a este dereito, excedéndose do obxecto e finalidade da propia norma. Así, debe lembrarse que é a protección do interese xeral na transparencia pública, como ben común da nosa sociedade, a que debe prevalecer fronte a solicitudes de información que perseguen outros intereses que non encaixan na finalidade perseguida pola Lei, por tanto, non poden ser considerados superiores.

Neste senso, a Sentenza da Audiencia Nacional do 30 de maio de 2019 destaca a importancia de aterse á finalidade da norma cando se solicita información pública no senso de que unha solicitude de información que polo seu volume, extensión, período de tempo, identificación e medios para instrumentar a petición, ademais de ocasionar unha disfunción manifesta, non deixa de ser un desiderátum non acorde co espírito e finalidade da normativa de transparencia. Afirmo a dita sentenza que unha solicitude destas características non deixa de ser unha utilización da normativa de transparencia, cunha finalidade que non se acomoda ao espírito e finalidade da mesma.

Engadido ao anterior, a solicitude exposta debe analizarse desde a perspectiva do control da acción da Administración e a rendición de contas polas decisións públicas, tendo en conta que, en non poucas ocasións e atendendo ao tipo de información requirida, certamente podería cuestionarse a súa utilidade para garantir o interese común en coñecer a actuación pública, poder participar na mesma e esixir responsabilidades polas decisións dos organismos públicos; todos eles, alicerces fundamentais e ratio iuris da Lei 19/2013.

Así, debe lembrarse que é a protección do interese xeral na transparencia pública, como ben común da nosa sociedade, é a que debe prevalecer fronte a solicitudes de información que perseguen outros intereses, que non encaixan na finalidade perseguida pola normativa en materia de Transparencia e, por tanto, non poden ser considerados superiores.

A resolución da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia motivou debidamente a súa resolución cunha ponderación razoada e baseada en indicadores obxectivos, na que aprecia un abuso de dereito, e supoñería, ademais da realización dun informe a medida, unha paralización da súa xestión, e sen que na reclamación presentada pola asociación reclamante, se alegue nin acredite motivo algún que desvirtúe os fundamentos da resolución recorrida, mais ala de que se fagan acusacións directas ou veladas, de comisión de delitos ou irregularidades ante un órgano, como é esta Comisión, que ten como competencia a resolución de reclamacións en materia de acceso á información, e non a investigación e persecución de faltas ou delitos.

De acordo co anterior, en base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, procede a desestimación da reclamación presentada, polo que a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED], en representación [REDACTED] con data do 2 de marzo de 2020, contra a Resolución da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia do 27 de febreiro de 2020, pola que se inadmite a súa solicitude de acceso á diverso tipo de documentación referida a diversas persoas e entidades, información sobre viaxes oficiais, porcentaxe que sobre o total supón as solicitudes recibidas ou enviadas polas ditas persoas ou entidades.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

Firmado digitalmente por 76706870F
MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)

Fecha: 2020.07.23 17:33:17 +02'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia.